



UUU-UUU, BEGOÑA!

(TEATRO PARA A INFANCIA CON LANZAMENTO,
TRES LANCES E UN DESENLANCE)

Texto de An Alfaya
Ilustracións de Laura Romero



REAL
ACADEMIA
GALEGA



Deputación
DA CORUÑA



PRIMAVERA
DAS LETRAS 2026



Esta peza breve desenvólvese entre o **Bosque do Aquén** e o **Bosque do Alén**.

Escoitarás os rechouchíos da **Curuxa Maruxa** e do **Moucho Moncho**.

Descubrirás a cantareira **Uxía**, boa amiga de **BEGOÑA CAAMAÑO**, a protagonista das Día das Letras Galegas deste ano 2026. Arredor dela bulirá a **Rapazada**, e a curiosidade dunha **Nena** e dun **Neno** fará que se abra unha porta máxica no arboredo onde atoparás a **Morgana**, **Circe**, **Merlín**, e a propia **BEGOÑA**.

Haberá tres eguas: **Aventura**, **Odisea** e **Esmelle**, e tamén un cofre e un legado.

E ata aquí podo contar... Se queres saber o que acontece na peza debes inmiscirte na súa lectura; só así poderás cantar, recitar e xogar entre as árbores a carón dos personaxes. Gustaríache ser un deles?



REAL
ACADEMIA
GALEGA

LANZAMENTO



(Bosque do Alén. Curuxa Maruxa e Moucho Moncho, branca ela, negro el, vixían dende dúas pólas do arboredo).

MARUXA: Uuu! (Misteriosa) Imos contarvos unha historia que non sabe ninguén.

MONCHO: Uuu! (Enigmático) Neste bosque encantado nada é verdade nin mentira, mais todo pode suceder, mellor de noite ca de día.

MARUXA: A véspera do dezasete de maio, Día das Letras Galegas, ábrese unha porta máxica entre as árbores que separan o Bosque do Aquén do Bosque do Alén.

MONCHO: Isto vén sucedendo dende o ano 1963, cando se louvou a poeta Rosalía de Castro, benquerida por Begoña Caamaño, homenaxeada neste ano 2026.

MARUXA: Mais a porta só se abre cando a elixida é unha muller. Gardade o segredo!

MARUXA/MONCHO: Chisssssss!



MONCHO: E como no Bosque do Aquén poucas veces sucede tal cousa, imos recordar as escollidas!
(Nomean as galegas festexadas voando de póla en póla)

MARUXA: Uuu! Corría o ano 1987 cando lle tocou en sorte a Francisca Herrera Garrido.

MONCHO: Uuu! Pasaron vinte anos e María Mariño foi elixida.

MARUXA: Uuu! Logo, no 2018, resultou preferida María Victoria Moreno.

MONCHO: Uuu! Menos tempo transcorreu para que no 2021 se gabase a Xela Arias.

MARUXA: Uuu! Tres anos despois chegou Luísa Villalta entre violinos.

MONCHO: Uuu! E no 2025, as cantareiras trouxeron a festa rachada coa palabra cantada. (Recita)

Uuu!, cantade cantareiras
polos montes e ribeiras.
Uuu!, cantade cantareiras
polas fragas e pradeiras.
Uuu!, cantade cantareiras
sempre alegres, bulideiras.





MARUXA: Xa chega un novo ano e con el outra homenaxe!

MONCHO: Abriremos a porta máxica e atoparémonos coa feiticeira Circe e con fada Morgana, que xunto co mago Merlín invocarán a Begoña Caamaño, unha xornalista e escritora singular e vital.

MARUXA: Coma ela non houbo nin haberá outra igual!

MARUXA/MONCHO: Uuu-uuu!



REAL
ACADEMIA
GALEGA

LANCE 1

O BOSQUE DO AQUÉN



(Bosque do Aquén. Tarde do 16 de maio de 2026. Uxía cun grupo de nenas e nenos despiden as cantareiras e prepáranse para recibir a Begoña Caamaño. Cantan e tocan as pandeiretas. Na herba repousan os libros da autora: *Circe ou o pracer do azul* e *Morgana en Esmelle*)

UXÍA (Nostálxica) A Begoña gustaríalle poder durmir para sempre co “Alalá das Mariñas”...

(Cantando coa rapazada)

Teño unha casiña branca
na Mariña entre os loureiros,
teño amores, teño barca
i estou vivindo no ceo.
Ailalelo, ailalelo...

E adiós á miña casiña,
portelo do meu quinteiro,
auga da miña fontíña,
sombra do meu laranxeiro.
Ailalelo, ailalelo...

NENA: Podemos xogar no bosque?

UXÍA: Tempo haberá para todo! Agora toca departir sobre Begoña... Quen comeza?
(Sentan en roda na herba)

NENA: (Amoucada) O meu avó contoume que estudou con ela no instituto Coia 2 de Vigo, e cando soubo que lle ían dedicar o Día das Letras Galegas, púxoselle un nó na gorxa.

NENO: E iso por que?

NENA: Porque se decatou de que xa pasaron máis de dez anos dende que morreu no 2014, e el aínda a ten moi presente.

NENO: É certo que de cativa adoitaba representar personaxes de heroínas cando facía teatro?

UXÍA: Pois si, dicía que as mulleres que saían nos libros e nas películas eran aburridas, así que se disfrazaba de aventureira. Non é de estrañar que de maior tentase combater as inxustizas á súa maneira!

NENO: (Ledo) Pois a miña madriña díxome que era unha rapaza alta e delgada, coa pel branca, que case sempre levaba o pelo louro solto e ensarillado. Coincidiron na Escola de Maxisterio de Vigo.

NENA: (A Uxía) Ti sabes por que, malia estudar para ser mestra, se dedicou ao xornalismo?





UXÍA: A comunicación atraeuna coma o imán ao ferro...

NENA: Ou coma a mel ás abellas!

NENO: Non, coma o azucre ás formigas!

NENA: Mellor coma o pan ao chocolate!

UXÍA: (Sorri) Algo así debeu ser... Fixo un curso en Radio Noroeste e quedou atrapada no mundo das ondas!

NENA: (Colle un caderno) E logo traballou en Radio Popular e na Radio Galega...

UXÍA: Que preparada vés!

NENA: E dirixiu e presentou os programas *Andando a Terra*, *Club Cultura* ou *Expreso de Medianoite*...

NENO: Non amoles! Trouxeches os apuntamentos que nos deron na clase?

NENA: (Apesarada) É que onte pensei que Begoña tería agora a idade da miña avoa e deume mágoa.

NENO: (A Uxía) Ti cres que sería unha boa mestra?



UXÍA: Se temos en conta os asuntos que lle interesaban, penso que si, mais... ao seu xeito! (Risas) Axiña soubo que na redacción dun xornal ou diante dun micrófono, coma no *Diario Cultural* en Compostela, podería defender os asuntos que lle preocupaban, que eran moitos.

NENO: Pero só publicou dous libros...

UXÍA: Si, mais abundan para amosar o seu talento. *Circe e o pracer do azul* abriulle as portas, e *Morgana en Esmelle* foi moi premiado, mesmo o levou á escena o grupo de teatro Sarabela. (Acariña as cubertas).

NENA: A mestra de galego contounos que nas súas novelas as protagonistas son as mulleres, e que iso é raro, porque na mitoloxía só hai heroes.

UXÍA: Ten razón. Rescátaas do seu agocho.

NENO: Tamén nos dixo que nos axudaría a entender algunhas pasaxes dos seus libros, porque son un chisco difíciles para nós.

UXÍA: Ben por ela!

NENA: Pero tiña outras dúas novelas encetadas, non si?

UXÍA: E unha terceira sobre a súa bisavoa que ía protagonizar Sherezade. Como vedes, sempre tivo presente o mundo feminino, non só nos mitos, senón na súa vida. Sabedes que impulsou a Asociación de Mulleres Galegas na Comunicación?

NENO: E iso para que serve?

UXÍA: Para defender os seus dereitos. De feito reclamounos alí onde tivo oportunidade, por exemplo en publicacións como *Festa da Palabra Silenciada*, *A Nosa Terra*, *Nova Galiza* ou *Tempos...* Non había quen a calase!

NENO: Miña avoa diría dela que “non tiña paraxe”.

NENA: Pois a miña chamaríaa “cu de mal asento”. (Risas).

UXÍA: Pero que revellos me sodes! Estou convencida de que dende que naceu no barrio do Calvario de Vigo, alá polo ano 1964, ata que morreu medio século despois en Compostela, nunca pasou desapercibida.

MARUXA/MONCHO: Uuu-uuu!



Uuu-uuu, cantaba a curuxa.
 Uuu-uuu, vestida de bruxa.
 Uuu-uuu, cantaba o moucho.
 Uuu-uuu, vestido cun poncho.
 Uuu-uuu, caeron ao río.
 Uuu-uuu, os dous tiñan frío.
 Uuu-uuu, veu outra curuxa.
 Uuu-uuu, vestida de bruxa.
 Uuu-uuu, chegou outro moucho.
 Uuu-uuu, vestido cun poncho.
 Uuu-uuu, caeron ao río.
 Uuu-uuu, os seis tiñan frío.
 Uuu-uuu...

UXÍA: Begoña pasaríao xenial aquí con nós! Mágoa que non poida estar, como na homenaxe que lle fixeron unhas compañeiras da Radio Galega no Teatro Principal de Compostela!



UXÍA: Iso é... Begoñísima! Recibiu moito cariño en vida, mais tamén tras o seu pasamento. Un bo exemplo son os relatos que escribiron e publicaron as súas amigas nun libro que recollía os temas que tanto defendeu de xeito apaixonado.

NENAS/NENOS: (Berrando) *O libro das amigas!*

UXÍA: Non o podo crer! Sabédelo todo! Esa mestra vosa merece un premio.

NENA: Podemos ir xogar agora ao bosque?

UXÍA: Veña, bulide! (Algarada da rapazada) Logo iremos ás ruínas do castelo para recibir o dezasete de maio baixo as estrelas co son das badaladas da medianoite.

(Unha brisa arrinca as páxinas dos libros que voan por enriba das árbores).

MARUXA/MONCHO: Uuu-uuu!

(Unha nena e un neno seguen os chíos de Maruxa e de Moncho. Camiñan ata o arboredo e traspasan a porta máxica. O tempo detense no Bosque do Aquén e a acción continúa no Bosque do Alén).

* "Alalá das Mariñas", música tradicional galega.

** "Uuu-uuu!", creación libre co ritmo da canción popular "Cucú".



REAL
ACADEMIA
GALEGA

LANCE 2

O BOSQUE DO ALÉN



(Bosque do Alén. Castelo. Solpor. Curuxa e Moucho enriba de dúas pólas. A nena e o neno, agochados tras os troncos de dúas árbores, fitan a Circe e a Morgana no camiño xunto a un pote enriba do lume. Dentro caen as follas dos libros que arrincou o vento no Bosque do Aquén. Remexen cuns paus e recitan un conxuro).

CIRCE/MORGANA: Mouchos, curuxas, sapos e bruxas...

MONCHO: Uuu! Falan de nós!

NENA: (Receosa) Onde están Uxía e os demais? Por que marchou o Sol?

MONCHO: (Chamándoas) Circe, Morgana! É perigoso que prendades un lume no bosque!

NENO: (Murmurando) Son as mulleres dos libros de Begoña Caamaño!



CIRCE/MORGANA: (A Moncho e Maruxa) Ben sabedes
que este fogo non queima! Silencio! (Recitan)

*Mouchos, curuxas, sapos e bruxas.
Demos, trasnos e diaños.
Corvos, píntegas e meigas...

Forzas do ar, terra, mar e lume, a vós fago esta chamada:
se é verdade que tendes máis poder que a humana xente,
facede que o espírito da nosa amiga Begoña Caamaño
veña onda nós aquí e agora,
para que a súa ausencia mude en presenza,
e logo da medianoite despidamos as cantareiras
e ela poida reinar un ano enteiro
subida no poleiro
das nosas amadas letras galegas.

MONCHO: (Á nena e ao neno) Así que vós
sodes os atrevidos que cruzastes a porta
máxica que separa os Bosques!

NENA: Nós non sabemos nada de ningunha
porta máxica!

NENO: Por que falades?

NENA: Circe e Morgana están vivas?

MARUXA: Cantas preguntas!

* "Conxuro da queimada" de Mariano Marcos Abalo.
Versión libre adaptada á peza.



MONCHO: Aquí tedes as respostas: estades no Bosque do Alén. A porta máxica é invisible, e todo o que suceda unha vez que se traspase tamén é máxico.

MARUXA: Circe e Morgana invocan a Begoña. Xuntas deben celebrar un ritual que só coñecemos no mundo das tebras.

MONCHO: Begoña ten que atopar un cofre onde depositará o seu legado.

MARUXA: Só así terá un reinado próspero e as Letras Galegas brillarán con luz propia.

NENA: E que ocorre se non o encontra?

MONCHO: Que haberá un ano bretemoso. E coincidiredes comigo en que a celebración das nosas Letras ben merece que a persoa escollida non estea envolta pola néboa. (A nena e o neno asenten).

MARUXA: Mais por sorte Circe e Morgana van guiala.

MONCHO: E tamén gozarán da vosa axuda...

MARUXA: ...pois sen a ollada dunha nena e dun neno do mundo do Aquén, o ritual non funcionará no mundo do Alén. A vosa presenza actuará coma un faro que iluminará o seu camiño.



CIRCE: (Colle unha pedra e pásalle por enriba un ramallete de romeu):

Pedra do camiño,
ordénoche que deixes de ser pedra
e mudes en egua!
Odisea para sempre serás
e comigo cabalgarás.

(Aparece ao trote unha egua de pel parda).

MORGANA: (Colle unha pedra e pásalle por enriba o romeu)

Pedra do camiño,
ordénoche que deixes de ser pedra
e mudes en egua!
Esmelle para sempre serás
e comigo cabalgarás.

(Aparece ao trote unha egua de pel negra)

(Morgana garda nun peto unha pedra e Circe o romeu. Montan
as súas eguas e cabalgan ao trote. Entran no bosque)

CIRCE/MORGANA: (Voces en off)

Pedra do camiño,
ordenámosche que deixes de ser pedra
e mudes en egua!
Aventura para sempre serás
e con Begoña cabalgarás.

(Son de cascos de cabalos)

MARUXA/MONCHO: Uuu-uuu!





REAL
ACADEMIA
GALEGA

LANCE 3 O LEGADO

(Bosque do Alén. Castelo.
Moncho e Maruxa nas pólas das árbores).

MONCHO: Uuu! Agardemos que o feitizo faga efecto.

(Son de cascos. A Nena e o Neno espreitan tras as árbores. Chega Begoña montada na egua branca Aventura. Séguena Circe e Morgana ao lombo de Odisea e Esmelle. As eguas rinchan).

MERLÍN: (Sae do castelo) Benvidas sodes!

BEGOÑA: (Baixa da egua) Sabio Merlín, mentres escribía no Aquén os meus libros adoitaba imaxinar que nos xuntabamos baixo a protección dunha carballeira, e aquí estamos no Alén entre o arboredo.

MERLÍN: Desexo cumprido.
(Morgana e Circe baixan das eguas).

MORGANA: Vimos todo o camiño conversando coma se nos coñecésemos de toda a vida.

CIRCE: Emocíonanos que Begoña lles dese eco ás nosas voces.





MERLÍN: (A Begoña) As túas palabras impresas cócense a lume lento no pote, mais debes atopar sen demora o cofre agochado no bosque dende hai un ano co legado das cantareiras e depositar o teu.

BEGOÑA: Sei que se fallo vagarei entre a néboa eterna.

CURUXA/MONCHO: Uuu-uuu!

MERLÍN: Na cerimonia da sucesión queimaremos o seu contido e gardaremos a túa heranza. Morgana e Circe irán contigo e abriranche paso no camiño. Mais debes regresar antes da medianoite para poder completar o ritual.

MERLÍN: Desexo cumprido.
(Morgana e Circe baixan das eguas).

BEGOÑA: Logo non hai tempo que perder!
Imos prestas axiña!

(Begoña, Circe e Morgana montan as eguas e entran a galope no bosque. Merlín volve ao castelo. Soa lonxe a voz de Uxía cantando o "Alalá das Mariñas". A Nena e o Neno saen do agocho)



MONCHO: Terano. Aquí todo corre a outro ritmo.



(A Nena e o Neno únense á voz de Uxía. Cantan o "Alalá". Co último acorde soan os cascos das eguas. Agóchanse. Sae Merlín ao camiño cun facho na man. Chegan Begoña, Circe e Morgana nas eguas. Baixan. Begoña amósalle ao Mago o cofre. El entrégalle unha chave e ela ábreo)

MERLÍN: (Comeza a cerimonia)
Deámoslles as grazas as cantareiras
por manter viva a nosa lingua,
as tradicións e a cultura popular.
Longo eco ao seu canto
e ao poder da transmisión oral!

(Achega o facho ao cofre e sae
unha columna de fume. Diríxese
a Begoña)

Xornalista apaixonada,
escritora comprometida,
divulgadora e activista,
íntegra e inconformista,
cosmopolita e viaxeira,
mais sempre cos pés na túa terra.
Begoña, fai os honores!

MARUXA/MONCHO: Uuu-uuu!

BEGOÑA: (Achégase á alforxa da egua e colle un pergameo)
Nunca imaxinei ser merecedora de tal homenaxe, mais
acéptoa con humildade e espero ser digna sucesora das
mulleres e dos homes que me preceden.

(Desprega o pergameo)

Lego os meus libros,
non só os publicados, senón os soñados.
Lego as palabras que divulguei con paixón
nadas do compromiso e da rebelión.
Lego a semente dos meus logros
que me fixeron avanzar,
mais tamén a dos meus erros
que me obrigaron a reflexionar.
Lego os cantos, as risas e os prantos
que compartín coas miñas amigas
e con todas as persoas queridas.
E lego un desexo incumprido:
que no mundo do Aquén
reine o respecto e a igualdade,
e poña en valor a dignidade
daquela xente que nada ten.

(Garda no cofre o pergameo.
Péchao con chave e
entrégallo ao Mago)



MERLÍN: Protexereino ata o ano que vén. Agora debedes despedirvos.

BEGOÑA: (Abrázase a Circe e a Morgana) Amigas para sempre!

CIRCE/MORGANA: Un privilexio coñecerte!

(Desfáanse do abrazo. Begoña sobe á egua e íllase ao trote axitando unha man no aire. Circe e Morgana respóndenlle co aceno)

CIRCE/MORGANA: (Ás eguas. Emocionadas)

Odisea e Esmelle,
deixade de ser eguas
e recuperade a vosa esencia de pedras!

(As eguas volven ser pedras.
Comezan a soar as badaladas da
medianoite. Rechouchío do moucho e
da curuxa. O lume do pote apágase.
Escuridade)

MARUXA/MONCHO: Uuu-uuu-uuu...!





REAL
ACADEMIA
GALEGA

DESENLANCE



(Bosque do Aquén. Noite. Algarada das nenas e dos nenos xogando entre as ruínas dun castelo. Uxía fita a lúa e as estrelas dende unha torre. Son de badaladas que se solapan coas do Bosque do Alén)

UXÍA: (Chama á rapazada) Vinde onda min! (Suspira) Todo comezou con Rosalía!

NENA: (Palmas) Tra, tra!

NENAS/NENOS: (Palmas) Tra, tra!

UXÍA: (Risos) Esa Rosalía non! Falo da nosa Rosalía. O son das campás fanme lembrar un poema seu. (Canta)

*Campanas de Bastavales,
cando vos oio tocar,
mórrome de soidades.
Cando vos oio tocar,
campaniñas, campaniñas,
sin querer torno a chorar...

(Emocionada) Cándò puxen música aos poemas de *Rosalía pequeniña***, ela escribiu no limiar unhas palabras que amosaban a súa admiración pola poeta. Nada sabía entón que sería unha das súas sucesoras!



VOF EN OFF DE BEGOÑA: Rosalía pequeniña sería hoxe, como daquela, unha nena guerreira, gustaríalle o rock tocado con gaita e vestiría punki. Porque as mulleres e as nenas de agora somos como ela: (...) da tribo daquelas que non só cantan ás pombas e ás flores.

UXÍA: Dá que pensar, non si?

NENA: Eu tamén quero ser guerreira!

NENO: E vestir punki!

NENAS/NENOS: E tocar rock con gaita!

UXÍA: Pois sexamos guerreiras, vistamos punki e toquemos rock con gaita! (Aplausos xerais)

Benvido sexas, dezasete de maio!
Benvida sexas, Begoña Caamaño!
Venturoso sexa este o teu ano!

(Son de música rock con gaitas)

* "Campanas de Bastavales". *Cantares gallegos*. Rosalía de Castro. Concello de Vigo. Ed. Mercedes Pacheco.

** *Rosalía pequeniña*. Libro-disco. 2013 Música de Uxía. Ilustracións de Marina Seoane. Editorial Galaxia.

Uuu-uuu, BEGOÑA! (Teatro para a infancia cun LANZAMENTO, tres LANCES e un DESENLANCE) é unha peza teatral de homenaxe a Begoña Caamaño Rascado, protagonista do Día das Letras Galegas 2026, escrita por An Alfaya e ilustrada por Laura Romero.

A Academia celebra que esta obra sexa lida e representada nas casas dos nenos e nenas e nas escolas de todo o país e da Galicia exterior. Anima tamén as agrupacións de teatro amador e calquera outro colectivo sen ánimo de lucro a levala á escena e agradece recibir información sobre as funcións que organicen.

Para calquera outro uso profesional e / ou con ánimo de lucro deste contido, é preciso solicitar o permiso das autoras e da RAG.

Uuu-uuu, BEGOÑA! forma parte de Primavera das Letras, o proxecto para o público infantil da Real Academia Galega. Pode descargarse en primaveradasletras.gal, espazo onde a institución ofrece ademais actividades e outros contidos sobre Begoña Caamaño, así como recursos sobre a lingua e a cultura galegas para a rapazada.



REAL
ACADEMIA
GALEGA



PRIMAVERA
DAS LETRAS 2026

primaveradasletras.gal



Deputación
DA CORUÑA